

# A “AUGAS DE GALICIA”. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS.

As organizacións que integran a Plataforma Galega contra a Lei de Augas, comparecen e **MANIFESTAN**

Que téndose publicado na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia o proxecto de Decreto polo que se aproba o Estatuto de “Aguas de Galicia”, pasan a formular as seguintes

## **CONSIDERACIÓNS.-**

O Anteproxecto de Decreto que se nos presenta pretende desenrolar o cambio de réxime xurídico de *Aguas de Galicia*, que xa se instituíu na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galiza. Converte a esta entidade en administradora única e ordinaria da política de augas de Galiza, asumindo todas as competencias que en materia de augas ten transferidas a Comunidade Autónoma no marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galiza. Así como a interferencia nas competencias que en materia de augas son propias dos Concellos.

Partimos da base de que a auga é un ben fundamental para a vida, e por iso debe ser e é considerado un dereito humano esencial. A Asemblea Xeral da ONU o 26 de xullo de 2010 adoptou unha resolución que declara “o dereito a auga potable e ao saneamento como un dereito humano esencial para o pleno gozo da vida e de todos os dereitos humanos”.

O cambio de réxime xurídico de *Aguas de Galicia*, converténdose nunha entidade pública empresarial, axustando regularmente a súa actuación ao dereito privado, supón un cambio de criterio político e xurídico de gran magnitude ao considerar a auga como un ben comercial en contradición co concepto de ben universal, coa función social e coa consideración de dereito humano universal. As “entidades públicas empresariais” regúlanse nos artigos 89 a 94 da Lei 16/2010, de 17 de decembro; Lei que foi aprobada con posterioridade á aprobación da Lei de Augas, da que este Anteproxecto de Decreto polo que se aproba o Estatuto de “Aguas de Galicia” é un desenvolvemento.

Ao establecer que “Aguas de Galicia” é a administración única e ordinaria en materia de augas e ademais convertela nunha entidade pública empresarial, estase a facer de todas as augas unha actividade económica, na que ten responsabilidade un organismo público (a día de hoxe) e que ten unha prestación privada. Convértese a *Aguas de Galicia* nunha empresa en réxime de monopolio natural que nas súas relacións externas funciona baixo as normas do libre comercio. Aproveitase a capacidade lexislativa de Galiza en canto Comunidade Autónoma para cambiar o réxime xurídico de uso, acceso e consumo a un

ben básico como é a auga.

Debemos lembrar que a Sentencia do Tribunal Constitucional 227/1988, de 29 de novembro declara con claridade e rotundidade que “O ben de dominio público é así ante todo *rex extra commercium*”. Do mesmo xeito, “a incorporación dun ben ao dominio público supón non tanto una forma específica de apropiación por parte dos poderes públicos, senón unha técnica dirixida primordialmente a excluír o ben afectado do tráfico xurídico privado”.

A Lei de Augas, da que este Anteproxecto é un desenvolvemento, supón o inicio dun proceso de patrimonialización de bens sociais, colectivos. Debe terse presente o carácter de ben veciñal ou comunal da auga en Galiza e a existencia da institución -á par dos bens de dominio público- dos “bens comunais”, expresamente mencionados no artigo 132 da Constitución, ademais de outras normas en ámbitos concretos, como por exemplo o Regulamento de bens da entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (concretamente nos seus artigos 2 e 94 e seguintes).

O feito que a Lei de Augas no referente á fiscalidade e concretamente ao canon que establece para o uso e consumo da auga, considere como suxeitos pasivos a título de contribuíntes ás persoas físicas que usen ou consuman real ou potencialmente a auga de calquera procedencia, con calquera finalidade e mediante calquera aplicación. (Art. 46 lei 9/2010). A consideración de consumo ou uso potencial, reforza e confirma a consideración de ben comercial que se lle da na Lei de Augas de Galicia e no propio Anteproxecto de Decreto no que se contén a proposta de Estatuto de “Augas de Galicia”.

Esta consideración da auga, de todas as augas de Galiza, como ben comercial, contradí a Directiva 2000/60/CE de 23 de outubro de 2000, pola que se establece o marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, que no seu inicio di “(1) *A auga non é un ben comercial como os demais, senón un patrimonio que hai que protexer, defender e tratar como tal*”.

O feito de que a Administración única e ordinaria en materia de augas nas súas relacións para cos usuarios e consumidoras, concesionarias e o resto de relacións externas funcione baixo as normas do libre comercio, supón a privatización da auga, por mais que de momento *Augas de Galicia* sexa unha empresa de capital 100% público e de control público (control do Consello da Xunta e a Comisión de Contas, pero non do Parlamento). A modo de exemplo, no Anteproxecto que se somete a consideración:

- O artigo 23,1º supón, en definitiva, dar vía libre para a mercantilización dun recurso básico, na liña apuntada nas consideracións xerais.

- No artigo 24,4 dise que “*queda expresamente sometida ao dereito público a actividade de Augas de Galicia relacionada coa xestión da auga ...*”, despois concrétese, particularizando en 5 apartados qué aspectos quedan sometidos ao dereito público. O termo “xestión da auga” é moi amplo e interpretable. Os cinco aspectos que se citan non poderían máis que ser públicos. Dase pé a que o dereito privado invada moitas cuestións que non entran no marco da planificación pública, as relacións interadministrativas ou o exercicio da potestade sancionadora.

Ademais, permíteselle á empresa “*Augas de Galicia*” dar entrada a participación privada. O Anteproxecto de Decreto que se somete a consideración, no seu artigo 23, permite a creación e constitución de sociedades mercantís e a participación en calquera outra sociedade constituída por entes particulares. Tamén no artigo 30 -referido aos recursos económicos- refírese a celebrar convenios con empresas e institucións privadas.

Atopámonos ante unha fórmula de privatización (das mais de 40 documentadas en

extensos estudos de investigación) consistente en: “A transferencia de activos do sector público ao privado a través da explotación de actividades, normalmente de servizos públicos, que con antelación prestaba un organismo público e que mediante licencias, convenios, concesións, contratas, subastas, etc., pasan ao sector privado, ben transferindo a súa organización (que se fará baixo formas xurídicas privadas aínda que o seu control, financiamento e xestión podan seguir en mans públicas) ou ben a súa xestión (mediante unha empresa privada). Estas posibilidades de transferencia poden darse soas ou combinadas a vez...” (Pax. 83, “La nueva sociedad anónima pública” Encarnación García Ruíz)

Estamos, entón, ante un caso de inicio dun proceso de privatización, por parte da Xunta de Galicia. Sucede que neste caso actúase sobre un ben fundamental para a vida, un ben social, universal, natural, un dereito humano e de toda unha competencia pública transferida polo Estado á Comunidade Autónoma de Galicia. Por mais que o capital inicial sexa público, que o control sexa da Xunta de Galicia, *Augas de Galicia*, nas súas relacións externas, ou sexa cos consumidores/as, usuarios/as, concesionarios, etc rexerese polo dereito privado, como unha sociedade mercantil. Polo que todas as augas de Galiza pasan a ter consideración de mercadoría e a estar expostas ás leis do libre mercado.

Neste sentido solicitamos a **derrogación da “Lei de Augas”** e que se abra un período de debate con toda a cidadanía con total transparencia, onde se determine cal é o mecanismo a escoller para o cumprimento dos obxectivos comunitarios que se concretan na Directiva 2000/60/UE, e que se resumen na protección en calidade e cantidade das nosas augas. Asemade, é necesario que na lexislación galega de augas o régime xurídico de “Augas de Galicia” e do uso e consumo da auga non mude na dirección indicada.

En Santiago de Compostela, 1 de abril de 2011.

Plataforma Galega contra a Lei de Augas